

A LA MESA DEL CONGRESO DE LOS DIPUTADOS

En virtud de lo dispuesto en los artículos 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, los diputados abajo firmantes presentan las siguientes preguntas al Gobierno y solicitan una respuesta por escrito.

Las obras de modernización del tramo ferroviario entre Ourense y Monforte, finalizadas hace unos meses, se encuentran en un estado deplorable.

En concreto, el tramo entre las estaciones de Areas y Santo Estevo se encuentra en las peores condiciones. Hay tubos desconectados que llegan al río, restos de tuberías, cables colgando de puentes, envoltorios y envases de los materiales utilizados en el proyecto, envases de comida y botellas de agua cada pocos metros, arquetas de cemento rotas, restos de la vía anterior y arquetas de cemento descubiertas donde los animales pueden quedar atrapados. Todo esto ocurre tras varios meses de crecimiento de la vegetación que ha enterrado la basura y agravado la situación.

Esta situación es inaceptable, especialmente en una zona de enorme valor ambiental.

También se ha demostrado que ninguna de las empresas que llevaron a cabo las obras contaba con un plan de gestión de residuos, o al menos no lo implementó. Esta obra ha sido responsabilidad última de ADIF, por lo que debe hacerse responsable de los daños ocasionados, que han provocado denuncias y deterioro del medio ambiente.

¿Qué valoración hace el Gobierno del mantenimiento del tramo ferroviario entre Ourense y Monforte?

¿Qué actuaciones llevará a cabo el Gobierno para resolver las quejas ciudadanas y limpiar y mantener el tramo? ¿En qué plazos las ejecutará?

Madrid, Congreso de los Diputados, a 19 de junio de 2025



Félix Alonso Cantorné
Diputado del GP Plurinacional SUMAR



Manuel Lago Peñas
Diputado del GP Plurinacional SUMAR

Á MESA DO CONGRESO DOS DEPUTADOS

Ao amparo do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, os membros da cámara que suscriben, presenta as seguintes preguntas ao Goberno e para as cales solicita resposta escrita.

As obras de modernización do tramo ferroviario entre Ourense e Monforte, rematadas hai uns meses, atópanse nun estado lamentable.

En concreto, o tramo entre as estacións de Areas e Santo Estevo é o que presenta o peor estado. Hai tubaxes desconectadas que chegan ao río, restos de canalizacións, cables colgados de pontes, envases e recipientes dos materiais empregados no proxecto, envases de comida e botellas de auga cada poucos metros, arquetas de cemento rotas, restos da vía anterior e arquetas de cemento descubertas onde os animais poden quedar atrapados. Todo isto prodúcese despois de varios meses de crecemento da vexetación que sepultou o lixo e empeorou a situación.

Esta é unha situación inaceptable, especialmente nunha zona de enorme valor ambiental.

Tamén se ten comprobado que ningunha das empresas que realizaron os traballos contaba cun plan de xestión de residuos, ou polo menos non o implementaban. Este proxecto foi responsabilidade final de ADIF, e polo tanto debe ser responsable dos danos causados, que teñen provocado queixas e deterioro no medio ambiente.

Que valoración fai o Goberno do mantemento do tramo ferroviario entre Ourense e Monforte?

Que actuacións levará a cabo o Goberno para resolver as queixas cidadanas e limpar e manter o tramo? En que prazos as executará?

Madrid, Congreso dos Deputados, ao 19 de xuño de 2025



Félix Alonso Cantorné
Deputado do GP Plurinacional SUMAR



Manuel Lago Peñas
Deputado do GP Plurinacional SUMAR